

Tenerife Sur.

Situada a pouco máis de catro graos do Trópico de Cáncer, Tenerife presenta un abano de paisaxes subtropicais, definidos pola influencia dos ventos alisios. A illa constitúe un xigantesco edificio volcánico coroado polo Teide. A vertente Meridional da illa, moito máis árida, adéntrase no Atlántico formando ladeiras de lava fósil.

Conforme coa súa natureza volcánica, a costa é abrupta e moi accidentada, e nela son abondosas as covas, os desniveis e os túneis, que teñen a súa prolongación submarina. Neste ambiente de penumbra ten o seu hábitat un variado catálogo de peixes e fermosos invertebrados.

Os recantos areosos son rastrexados polo chuco, que anda á busca de moluscos, crustáceos e peixes de fondo.

Nas covas agóchanse durante o día poderosos depredadores nocturnos. Aquí conviven varias especies de moreas, de máis dun metro de musculosos corpos adaptados para se deslizar entre as gretas coas chamativas bogas.

A brillante luminosidade do ceo de Tenerife, cuns raios solares case verticais, característicos das latitudes baixas, permite a penetración da luz nas augas abertas, percorridas por centos de especies de peixes catalogadas nas Canarias, de múltiples cores e formas e en movemento case permanente.

Sobre o fondo, peixes como o torpedo, que posúe órganos capaces de producir descargas eléctricas, teñen aquí o seu couto de caza e a súa despensa, repleta de abondosos invertebrados, caranguexos e ata pequenos peixes.

O bentos de Tenerife posúe unha rica variedade de ourizos e grandes bivalvos, criaturas acoirazadas con poucos depredadores, entre os que busca presas máis doadas, ou mesmo prea, o verme de lume, unha especie carnívora do xénero *Hermodice*, que posúe centos de delgadas espiñas envelenadas.

Nunha paisaxe submarina tan variada, as especies piscícolas de alto valor comercial completan a riqueza do ecosistema. Na viaxe cara as profundidades, descubren os carnosos tentáculos dos ceriantos, que se asoman ás escuras beiras.

Máis alá dos corenta metros de profundidade, o coral negro, un antozoo do xénero *Antipathes*, constrúe novas paisaxes, formadas por milleiros de pólipos, que atrapan organismos do plancton. O seu esqueleto axial adoita estruturas ramificadas, que medran sobre cornixas rocosas e aristas elevadas.

E aquí, competindo polo espazo, extensas alfombras de esponxas cobren case por completo o substrato eruptivo. Un lento proceso de enxeñería natural que enche de formas e cores os fondos máis profundos e inaccesibles do sur de Tenerife.